

Costa de Santa Pola.

Unha terra que xira arredor do mar: iso é Santa Pola desde os seus asentamentos máis antigos. A 17 km de Alicante, Santa Pola conta cunha das frotas pesqueiras máis relevantes do Mediterráneo, malia ser un pequeno municipio costeiro de 52 km², rodeado en grande parte por paraxes naturais.

O faro actual data de 1858. Erixíuse, iluminado por unha lámpada de aceite, sobre unha das moitas torres vixía estratéxicamente emprazadas ao longo da costa mediterránea no século XVI para se defender dos piratas berberiscos e dos estraperlistas. Hoxe en día continúa a ser un punto de referencia no alto do cantil, a máis de 100 metros sobre o nivel do mar.

Os máis de 11 km de praia amosan un contraste continuo entre as agrestes calas do cabo e a suavidade das areas. As praias son perfectas para o windsurf, deporte que ten contado con Santa Pola para celebrar diversos campionatos internacionais.

Baixo as augas é doado observar unha grande diversidade de especies típicas do litoral mediterráneo, que atopan morada e nutrientes nas extensas pradarías de prantas mariñas.

A Posidonia cubre máis de 3000 km² no litoral mediterráneo ibérico. As súas prantas adoitan vivir uns trinta anos e os seus rizomas forman unha urdidoira repleta de sedimentos onde habita unha comunidade variada e densa.

As torres vixía miran ao horizonte desde hai case 500 anos. A de Escaletes foi construída, probablemente, sobre outra de orixe islámica, e mantéñese aínda en pé desde os tempos nos que se facían sinais de fume de día e sinais luminosas á noite.

Desde esas torres, encravadas en puntos estratéxicos, avisábase e alertábase aos pobos próximos da chegada de inimigos. Hoxe, sobre os seus muros silenciosos, únicamente se arremuiñan as gaivotas.

Nunha antiga braña preto de Santa Pola, a principios do século XX instalouse o que hoxe é o Praque natural das Salinas. Está formado por amplas lagoas que conforman diversos hábitats, nos que viven milleiros de flamengos, e un conxunto de flora e fauna adaptados á alta salinidade. Estes encoros de auga salgada e rosada, e os montes salgados, cobren 2500 hectáreas de vida. É a auga mariña do Mediterráneo, que no seu proceso de evaporación, controlado polo ser humano, alimenta milleiros de organismos nunha paraxe chea de beleza natural.